

## ARTE



Exposición 'Módulos individuais de Terapia Galicia-Mitga' de Mónica Alonso no CGAC

N.S

## Mónica Alonso, espacios terapéuticos no Centro Galego de Arte Contemporánea

A planta baixa do compostelán CGAC exhibe a obra de Mónica Alonso (A Fonsagrada, Lugo, 1970), un traballo que bascula os límites entre o arquitectónico e o escultórico. Segue a autora unha tendencia común a outros artistas interesados no espazo físico, e puntualizando máis nos espazos interiores dese ámbito tan do fogar para uns, lugar de encontro ou paso para outros, pero que en definitiva todos denominamos casa.

A artista confecciona ámbitos imaxinarios, debidos ó voo da súa mente activa, a base de maquetas coas que carga o espazo de forte significado nuns lugares que se presentan como un tanto anómalos e, sobre todo, dificilmente habitables.

O lugar máis emblemático para Mónica Alonso é o cuarto. A cama é a icona máis utilizada como narración na que se transcriben determinados estados de ánimo. Fai o receptáculo que contén este moble un lugar propio construído con sentimentos. Por se-lo máis privado, representa o interior da súa persoa; de aí que se presente a escala reducida por todo o que ten de esencia.

Sendo refuxio, móstrase como inestable, pode aparecer suspendida como nun bosque de liñas, entre elas ou encol de arames que trazan un movemento de ritmos no aire de certo ton místico. Visualizan unha realidade non sólida, con pouco peso e hostil á estabilidade física; fai pendurar dun fío o tema humano e arredarse da solidez dun todo satisfeito.

Ante tales estados anímicos, a artista, en obras posteriores, decide experimentar coa psicoloxía da color, ata o punto de que, cando o espectador se introduce nos espazos polos que discorre a obra, pode percibir unha certa felicidade ou case euforia.

Un dos males da nosa época é a depresión. Intentando aminora-la vulnera-

bilidade dos afectados, os expertos buscan remedios para atallaren esa doenza. Como prevención, quizabes co desexo de sementar optimismo, a artista crea *Cinco terapias combinables*. Foi ideada para recobra-la ilusión no caso de optar pola terapia amarela. Produce ledicia e pracer se un se somerxe no rosa. Para sentirse relaxado, coma no campo, nada mellor có verde, símbolo do descanso. O débil carga as pilas cun fosforescente laranxa, e por último o azul, sandador de tódolos males e doenzas. Nesta obra, as dádivas non só non se lles ofrecen ás imaxes senón que estas reparten o seu correspondente folle-

to publicitario onde a colectividade pode envorcar-los seus soños.

A obra de Mónica Alonso está moi influenciada pola de Ilya Kabakov. Ambos teñen un denominador común: facer sentir ben ó espectador. Outro referente no traballo desta artista é o xénero da ciencia ficción. A aventura espacial de *Comunidade en vermello* e a viaxe a través do tempo no propio título da exposición Mitga 1932-2020, permítelle ó espectador somerxerse nuns anos non vividos pola autora, xa que inda non nacera, e percorrer un futuro inda incerto e non vivido, pero que ela imaxina cargado de boas vibracións.

O mundo da realidade e do virtual danse cita nesta exposición. Calquera persoa pode dárle-la volta ás súas experiencias persoais nunha obra que a súa creadora presume aberta a tódalas reflexións e que dá cabida a múltiples interpretacións e sensacións. A artista cambiou totalmente o espazo expositivo. Un corredor sobre burbullas somerxen o corpo do espectador nun ámbito sen gravidade, inda que sexa só ilusión. A través deste corredor dáse paso a dúas salas cargadas de forte colorido pop, utilizando os distintos ámbitos de xeito máxico e dotándoos de sensualidade e versatilidade.

*Cápsulas mama* é un xogo de ilusións que pretenden ter un efecto anovador. O traballo da artista insírese nunha cultura mediática que se vale de todo tipo de recurso para causar impacto no espectador e favorece-la súa aceptación. Nesta mostra alúdese tamén á ilusión, felicidade e relax, como contrapunto ó traballo e á doenza, todos símbolos do noso tempo.

Ó abandonala podemos senti-la impresión de que, na obra de Mónica Alonso, a vida tamén imita a arte.



Mónica Alonso, na exposición do CGAC

Fátima Otero

## CINE

### Da sorpresa á decepción

Hai cinco anos, Peter Cattaneo sorprendeu no mundo do cine con 'Full Monty', unha película redonda: escaso presuposto, intelixente, cómica, crítica e moi rendible. Tardou tanto en ofrecernos outra porque probablemente era consciente da pinza na que un artista queda preso despois dun éxito primeiro tan inesperado. E tiña razón, porque aínda coa espera e coa meticulosidade coa que buscou un novo guión, decepciona con 'Lucky Break'.

É tamén unha película coral, intenta mante-lo equilibrio entre o drama e a comedia, pero nin fai rir, nin mantén un ton crítico aceptable, nin aproveita as posibilidades dun guión bastante ben tecido aínda que carente de tensión e fondura. 'Lucky Break' é un filme que non altera para nada ó espectador: non se pode dicir que sexa mala, nin desagradable, nin carente de certa gracia, pero chega a resultar artificial pola escasa implicación vital que nela se percibe.

A historia está moi vista: un grupo de pobres atracadores, de non moi mal corazón, realizan unha chapuza de atraco e acaban no cárcere do que tratan de fuxir. Na cadea existe un gardián malo, malo, malo; tan malo que non é crible: uns compañeiros coma os de tódalas cárceles, destacando sobre todos un de corazón de ouro, maltratado e humillado por todos, especialmente polo carcereiro malo, malo, cunha bondade e capacidade de sufrimento a proba de masoquistas; unha asistente social moi guapa que ninguén sabe de qué xeito pode estar ali e menos namorarse do protagonista, e un director rarísimo amante do musical e medio parvo. No musical aparece a clave: tratarán de representar un ideado polo director para así prepara-la fuxida. O final, non lles desvelo nada, daranse conta só comezar, é tan brande e previsible coma todo o proceso.

¿Crítica? Leves intencións nalgun momento ó ridiculizar ás técnicas psicolóxicas de conducta aplicadas a presos pola asistente social, pero o que prevalece é unha cadea semellante a unha gardería infantil, gobernada por un vello chocho e un sádico de cartón. ¿Riso? Escaso. Non estalan situacións de enxeño nin de vivacidade. ¿Drama? Falso, o pouco que aparece, aínda contando coa capacidade do actor Timothy Spall, resulta ridículo e forzado. ¿Que queda, pois? Unha película amable, sen complicacións, para pasar un chisco se un non ten nada mellor que facer, pero que tan axiña como pise a rúa e lle dea o ar na cara se lle borrará por completo da retina.

Miguel Suárez Abel